



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

Bravo Bernárdez, Jorge
Carballo González, Ángeles
Diz Ferreiro, Paula
Fernández Fernández, Federico
Fernández Freijedo, Judit
Fernández Iglesias, Manuel José
Ríos Santomé, M^a. José
Soto Andión, Xosé
Valderrama Santomé, Mónica
Valeije Álvarez, Inmaculada
Vaquero Díaz, Beatriz

DESCULPA ASISTENCIA

Ledo Fernández, Juan

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo, do día 23 de novembro de dous mil dez, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda na Sala de Xuntas de Xerencia.

O martes, día **23 de novembro 2010**, ás 10:05 horas, deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Informe do Presidente.
2. Aprobación, se procede, da delegación na Secretaria Xeral das altas automáticas no Claustro Universitario.
3. Aprobación, se procede, do Regulamento para a elección de membros dos consellos de campus.
4. Toma de decisión sobre as eleccións na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.
5. Rogos e preguntas.

Punto 1. Informe do Presidente.

O presidente informa que se van celebrar eleccións aos consellos de campus de Ourense e Pontevedra. Que nestas eleccións vaise a facer a votación mediante voto electrónico e que tamén vaise a adoptar medidas para garantir a paridade na composición dos consellos. A tal efecto adaptouse o Regulamento electoral para garantir a representatividade de ambos xéneros, e que as eleccións se realicen mediante o procedemento electrónico.

Tamén se informa de que coa finalidade de facilitarlle aos membros da Comisión Electoral a asistencia ás próximas reunións, procurárase que poidan celebrarse mediante videoconferencia.

Punto 2. Aprobación, se procede, da delegación na Secretaria Xeral das altas automáticas no Claustro Universitario.

O presidente cede a palabra a Dna. Ángeles Carballo, Coordinadora da Secretaría Xeral. Esta informa que o Regulamento do Claustro Universitario establece que cando unha persoa perde a condición de claustral, a Mesa do Claustro o comunicará á Comisión Electoral

co fin de que esta proceda a súa substitución, polo que, coa finalidade de axilizar as altas e as baixas automáticas solicítase a delegación deste trámite na secretaria. O Sr. Federico Fernández solicita que nestes casos a Secretaría Xeral informe por correo electrónico aos membros da Comisión de todas as baixas e altas que se produzan no Claustro.

Apróbase por asentimento.

Punto 3. Aprobación, se procede, do Regulamento para a elección de membros dos consellos de campus.

O presidente presenta a proposta de modificación do Regulamento para a elección dos membros dos consellos de campus. Informa que as modificacións propostas están en cursiva, e que os cambios se limitan a todo o relacionado coa representatividade de xéneros e a votación electrónica.

Dna. Mónica Valderrama solicita que se adopten as medidas necesarias para que non se limiten os dereitos dos votantes, e que se dean facilidades para que os votantes podan obter o certificado dixital que se precisa para poder exercer o voto electronicamente. Dna M^a José Santomé respóndelle que no caso de que os votantes non estean en posesión do DNI electrónico poden solicitar un certificado dixital no rexistro xeral ou nos rexistros auxiliares. Este certificado incluírase na Tarxeta Universitaria dos solicitantes.

O Sr. Federico Fernández solicita que se inclúa no punto 4.7 do regulamento presentado o mesmo texto que no Regulamento de Consello de Goberno: *“en caso de empate darase preferencia ó candidato do xénero menos representado”*. Acéptase a proposta.

O Sr. Federico Fernández pide aclaración sobre o PAS que forma parte do Consello de Campus. O Presidente infórmalle que son os membros do PAS que obtiveron máis votos nos respectivos campus nas eleccións ao Claustro.

Apróbase o regulamento coa proposta de modificación aceptada por asentimento.

Punto 4. Toma de decisión sobre as eleccións na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

A secretaria da Comisión toma a palabra para expor os antecedentes de feito: Que con data de 25 de febreiro de 2009 o decano da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo trasladou á Secretaría Xeral unha serie de consultas en canto ao procedemento electoral aberto en devandito centro. As consultas foron evacuadas polo informe da Asesoría Xurídica con data de 26 de febreiro de 2009. Con posterioridade, o día 13 de setembro de 2010, a decana da mesma Facultade remite resposta á Secretaria Xeral no que realiza unha serie de alegacións mostrando o seu desacordo co contido do citado informe da Asesoría Xurídica. Examinado o último escrito do Decanato por parte da Asesoría Xurídica, esta considera que de acordo co art. 53 dos Estatutos débese remitir á Comisión electoral.

Seguidamente, a secretaria expón as consultas que se someten a consideración da Comisión, e que son as que seguen:

1. Sobre se os centros con máis dunha titulación procede ou non convocar eleccións diferenciadas á Xunta de Facultade e á Xunta de Titulación ou se a Xunta de Facultade é o resultado da fusión das dúas xuntas de titulación.
2. Se no caso de que proceda convocar eleccións á Xunta de Facultade os postos correspondentes aos membros electos deben distribuírse proporcionalmente entre as correspondentes titulacións de grao que se imparten no centro ou, pola contra, se o censo e a elección deben ser únicos e conxuntos por cada sector.
3. Se no caso de que durante o mandato dun membro electo da Xunta de Facultade ou da Xunta de Titulación cause baixa nun centro ou perda a docencia maioritaria neste, debe procederse á súa substitución e se é preciso preservar en todo caso a representatividade do 80% para o profesorado a tempo completo.

Como información complementaria a secretaria expón aos asistentes o disposto nos arts. 42 e 44 dos Estatutos da Universidade e o disposto no art. 4 do Regulamento de réxime interno da Facultade de Ciencias Xurídicas do Traballo. Chama a atención sobre que o Regulamento de réxime interno da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, que define a composición da Xunta de Facultade dese centro ao determinar a porcentaxe que representa cada un dos sectores, inclúe a cláusula seguinte: *“esta representación será a que como tal integre cada unha das xuntas de titulación”*. Esta cláusula non se recolle no citado art. 42.1 dos Estatutos.

Para rematar, a secretaria expón os argumentos expostos no escrito da decana, e dá lectura ao informe da Asesoría Xurídica que figuran na documentación.

Con respecto ás alegacións presentadas pola decana da Facultade de CC. Xurídicas e do Traballo, en data 13 de setembro de 2010, ao informe da Asesoría Xurídica de data 26 de febreiro de 2009 o presidente da Comisión Electoral expón o seguinte:

“Lembra que nos Estatutos da Universidade de Vigo recóllese no seu artigo 42.1 que pertencen ás xuntas de centro todos os membros do profesorado con vinculación permanente á Universidade adscritos ao centro, que constituirá o 51% da súa composición. En consecuencia, o número total de membros das xuntas de centro, e o número de membros de cada un do resto dos sectores representados, depende unicamente do censo do profesorado con vinculación permanente adscrito ao centro.

Por outra banda, o artigo 44 indica que as Xuntas de Titulación terán unha composición análoga en proporcións á Xunta de Centro, agás en titulacións novas, que observarán o que regulamentariamente se determine.

Polo tanto, non se pode garantir de xeito xeral que a agregación dos membros de dúas ou máis xuntas de titulación satisfaga á vez os requisitos de censo e composición da correspondente Xunta de Centro, mesmo se a composición da Xunta de Titulación é análoga á composición da Xunta de Centro. Por exemplo, o requisito de que o 51% dos membros da Xunta de Centro agregada sexa profesorado con vinculación permanente adscrito ao centro só se podería garantir se á súa vez se garantira de xeito xeral que todos os membros da Xunta de

Centro pertencen de xeito exclusivo a unha e só unha das xuntas de titulación do centro en cuestión”.

Ao non existir unha vinculación directa entre as composicións de xuntas de centro e xuntas de titulación, agás pola referencia recollida nos Estatutos á analoxía na composición con respecto da Xunta de Centro para as xuntas de titulación onde non se concrete regulamentariamente a súa composición, a Comisión Electoral considera que os procesos electorais vencellados á constitución e renovación das xuntas de centro deben desenvolverse de xeito independente dos procesos electorais vencellados ás xuntas de titulación.

Polo tanto, a Comisión Electoral acordou ratificarse no informe elaborado pola Asesoría Xurídica en data 26 de febreiro de 2009.

Con respecto ás alegacións presentadas pola decana da Facultade de CC. Xurídicas e do Traballo, en data 22 de xuño de 2010, ao informe da Asesoría Xurídica de data 18 de marzo de 2009, cédesse a palabra á secretaria xeral que expón que por parte de decana da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo formúlase consulta sobre a posibilidade de repetir as eleccións a representantes de alumnos a Xunta de Facultade.

A secretaria expón os antecedentes do feito que motivan a solicitude, que brevemente consisten en que “en maio de 2008 tiveron lugar as eleccións para renovar aos membros electos da Xunta de Facultade daquel centro de entre todos os sectores que segundo a normativa aplicable poderían presentar candidaturas (sector PDI non permanente, sector estudantes de 1º, 2º e 3º ciclo e sector PAS). Non presentou candidatura o sector por alumnos de 1º e 2º ciclo.

Que posteriormente o equipo decanal co obxectivo de non deixar sen representación a ningún sector dos que poden compor as Xuntas de centro, decidiu evacuar consulta a asesoría xurídica da Universidade sobre se o Decano dun centro pode repetir eleccións a representantes de alumnos á Xunta de facultade dado que na última non se presentou ningún candidato.

Que o informe de Asesoría Xurídica de data de 18 de marzo de 2009 responde á consulta formulada: *que a participación dos estudantes nas xuntas de centro está regulada no artigo 42.1 dos Estatutos. En concreto, que o 4.1 da normativa para elección de membros de xuntas de centro dispón que as xuntas electorais de centro son órganos competentes para resolver as cuestións que se deriven das eleccións ás que se refire esta normativa.*

Que en base a ese informe entendeuse oportuno convocar eleccións para elixir a representantes de alumnos, en exclusiva do 1º e 2º ciclo. Devanditas eleccións tiveron lugar o 24 de marzo de 2009.

Que de acordo co calendario ordinario de eleccións bianuais á Xunta de Facultade o presente ano debería procederse á renovación da Xunta de Facultade constituída tras as eleccións de maio de 2008. O desacople que supuxo a celebración, ao marxe do proceso global de elección de membros electos da Xunta de Facultade acaecido en maio de 2008, dunha elección unicamente polo sector alumnos de 1º e 2º ciclo, fixo xurdir a dúbida no actual equipo decanal acerca de cando termina o mandato de representantes elixidos no mesmo, polo que se solicitou un novo informe á Asesoría Xurídica. O novo informe sinala que de acordo

co mesmo art. 42.2 pódese interpretar que será preciso respectar a distinta duración do mandato dos membros.

No escrito solicítase que se clarifiquen os termos nos que debe interpretarse a normativa vixente en orde ao art. 42.2 dos Estatutos da Universidade de Vigo, e se para ese efecto o considera pertinente se formule consulta á Comisión Electoral da Universidade, órgano competente de acordo ao art. 53 dos Estatutos para resolver os problemas e dúbidas que se poidan presentar en calquera elección”.


Con respecto a este punto a Comisión Electoral acordou que a Xunta Electoral do centro é soberana para definir os seus procesos electorais como considere máis oportuno e que, en calquera caso, recomenda, por razón de economía, que se celebren eleccións a todos os sectores na mesma data.

Punto 5. Rogos e preguntas.

A Prf^a Mónica Valderrama solicita que cando se celebre a votación electrónica non se poñan barreiras e se teñan en conta a aquelas persoas que non teñan coñecementos informáticos. O presidente cede a palabra á coordinadora da Secretaría Xeral, Ángeles Carballo, quen lle contesta que haberá un informático en Ourense e outro en Pontevedra para solucionar todas as incidencias que se poidan producir na votación.


E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:00 horas do día 23 de novembro de 2010 da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral



Manuel Fernández Iglesias

A secretaria da Comisión Electoral



M^a Inmaculada Valeije Álvarez